

**Información para as familias**  
**A XORNADA ÚNICA NO CEIP XESÚS GOLMAR**

Para **facilitar a conciliación familiar e laboral** das familias, O CEIP Xesús Golmar, xunto co IES Aller Ulloa e o IES Laxeiro están traballando nun **proxecto conxunto** orientado á implantación do horario escolar en **xornada única** a partir do próximo curso 2022-23.

Que implica a implantación da xornada única?

- A xornada escolar desenvolverase **só en sesión de mañá**, sen interrupción e de forma continuada
- O horario será de **8:45 a 13:45**
- **Conservaranse** os servizos de **transporte e comedor**
- As **Bibliotecas** continuarán **abertas** co seu horario habitual e seguirán organizadas polo profesorado dos centros para lectura, estudo, uso de ordenadores e libros dixitais,...
- A **ANPA** seguirá organizando **actividades extraescolares** polas tardes.
- O servizo de apoio á conciliación da vida laboral e familiar **Enrédade**, continuará realizando e coidando ao alumnado nos períodos non lectivos. Estará aberto todo o ano incluídos os períodos de vacacións, dende as 7:00 ata as 21:00 horas, ininterrumpidamente (prorrogable a media hora máis), con persoal especializado.

Por que implantar a xornada única?

- A xornada única xurde como resposta á crecente **demanda** por parte de **numerosas familias** para facilitar a conciliación familiar e laboral e tamén por parte do profesorado dos Centros por **motivos pedagóxicos**

Que vantaxes aporta a xornada única?

- **Mellora** do **rendemento** académico ao aproveitar de xeito máis eficaz o mellor horario para o desenvolvemento das actividades lectivas
- Favorece a **participación** do alumnado en **actividades complementarias** ao aumentar a súa dispoñibilidade e reducir desprazamentos innecesarios
- **Evítanse** as **xornadas excesivas** dos mércores nas que o alumnado permanece moitas horas no centro
- Mantense o **mesmo horario** todos os días da semana
- **Mellora** das condicións para o **estudo** e o traballo persoal na casa
- Permite unha mellor adaptación para a **conciliación da vida familiar e laboral**.
- Distribúe máis equitativamente o **tempo de docencia** de todas as áreas
- Posibilita unha **mellor planificación** das actividades do profesorado e facilita a súa participación en actividades formativas

Cando e como poderemos decidir a xornada única?

- O martes, **15 de marzo** celebrarase unha **votación** no CEIP Xesús Golmar na que as familias poderán **decidir** que se implante a **xornada única**.
- O horario de votación será de **9:00 a 20:00 horas**.
- As familias teñen **dereito** a votar e decidir, pero tamén a **responsabilidade** e o **compromiso** de facelo.
- No **IES Aller Ulloa** e no **IES Laxeiro** farase na mesma data e horario unha **consulta** ao respecto.
- Se teñen fillos en varios centros é necesario que voten nos dous centros (do noso resultado depende o horario dos institutos).